

Presentación do número

Este número da revista ambientalMENTEsustentable é un monográfico sobre os usos de moitos dos espazos forestais que teñen un necesario uso social, científico e educativo. Estamos a falar de parques periurbanos, xardíns botánicos e áreas forestais, espazos que están a funcionar non só como pulmóns verdes e para o lecer si non tamén como lugares para construír ciencia e cidadanía democrática, espazos vivos para a divulgación científica, a investigación e a sensibilización.

A maior parte dos artigos desta revista corresponden a ponencias presentadas no Seminario Internacional "Usos sociais e parques forestais, xardíns botánicos e outras áreas forestais" que organizou o CEIDA durante o mes de abril do 2008.

Na presentación do Seminario, o Conselleiro de Desenvolvemento Rural, D. Alfredo Suárez Canal, recordábanos as verbas de Galileo: "mide todo o que podas medir e o que non poidas medir faino medir", unha frase seguramente premonitoria dun dos fundadores con Newton, do método moderno da análise científico que hoxe funciona na nosa sociedade. Con esta referencia, o Conselleiro, quería salienta que a preocupación ambiental da sociedade é indicador da súa saúde moral, social e mediambiental.

A singularidade deste monográfico son as referencias a muntifuncionalidade dos espazos verdes planificados, que representan valores moitas veces non considerados na xusta medida. É máis frecuente atopar estudos sobre a vocación productiva, a biodiversidade natural e a función de sumideiro do CO², por exemplo, e esquecer a vertiente máis social.

Divulgar os valores da flora e da fauna non só local, presentar a complexidade e as interaccións de ecosistemas as veces moi lonxonas, conservar a diversidade xenética, introducir medidas de conservación de espazos verdes... é imprescindible; tamén é imprescindible posibilitar a involucración activa de toda a sociedade. Os tres ingredientes, coñecemento, sensibilización e acción, están presentes nas iniciativas que se recollen neste monográfico, algunhas froito da investigación e da planificación estratéxica, e todas, cheas de ilusión e compromiso.

Consello de Dirección